Por outra banda o contido do Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños, non foi obxecto de publicación no BOE, aprobado pola Resolución do 30 de abril de 2009, da Subsecretaría, pola que se dispón a publicación da Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Enerxía e da Secretaría Xeral do Mar, pola que se aproba o estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños.

O referido Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños non está actualizado a pesar do tempo transcorrido e os cambios normativos acidos.

A planificación eólica mariña en Galicia carece de licenza social, do mesmo xeito que os macro proxectos eólicos terrestres que está a impulsar actualmente o Ministerio en Galicia.

Por outra banda, o Ministerio de Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico non integra nin ten en conta a planificación eólica mariña dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia. Por outra banda a Avaliación ambiental estratéxica da planificación terrestre e mariña do Estado en Galicia non está adaptada á normativa vixente nin se integra nin se coordina co Plan Sectorial Eólico de Galicia.

A planificación do Estado obvia a integración paisaxística da planificación eólica mariña do Estado en Galicia coa Lei da Paisaxe de Galicia, o Catálogo da Paisaxe e as Directrices da Paisaxe de Galicia.

Pero o máis importante é que non ten en conta que a industria eólica mariña carece de licenza social en Galicia.

Por tanto, instámoslle a que retire dunha vez por todas, os proxectos da eólica mariña flotante previstos para a nosa terra e realice unha aposta seria e contundente polo saneamento integral das rías galegas e o fomento e preservación da biodiversidade mariña, as súas augas, as súas praias e a beleza das súas costas.

Á vista do documento de inicio do proxecto denominado “parque eólico mariño flotante Nordés, cunha potencia total de 1,2 GW e as súas infraestruturas asociadas de evacuación a subestacións terrestres en Galicia (Nº de Expediente: 20210481) que tramita o órgano substantivo Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e promovido pola mercantil PARQUE EOLICO MARINO NORDES S.L., e ao abeiro do Real Decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, por medio do presente escrito solicítase o acceso á seguinte información ambiental:

1.- Solicitud de reserva de zona presentada pola empresa promotora con todo o contido que esixe o artigo 8 do Real Decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, e o correspondente estudo de impacto ambiental do proxecto de investigación da área eólica mariña solicitada.

2.- Memoria que forma parte do anteprojecto da instalación de enerxía eólica mariña.

3.- Acceso á documentación do procedemento de caracterización de área eólica mariña.

4.- Acceso á documentación do procedemento de concorrencia.

5.- Acceso ao Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños, xa que logo, o seu contido non foi obxecto de publicación no BOE, aprobado pola Resolución do 30 de abril de 2009, da Subsecretaría, pola que se dispón a publicación da Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Enerxía e da Secretaría Xeral do Mar, pola que se aproba o estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños e acceso á documentación relativa á participación pública na elaboración deste Estudo estratéxico ambiental do litoral español ao abeiro da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

6.- Acceso á documentación relativa á planificación eólica mariña no litoral galego por parte da Administración Xeral do Estado e a súa integración co Plan Sectorial Eólico de Galicia.

7.- Acceso á documentación relativa á avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica terrestre e mariña do Estado en Galicia, adaptada á normativa vixente e a súa integración co Plan Sectorial Eólico de Galicia.

8.- Acceso á documentación relativa á integración paisaxística da planificación eólica mariña do Estado en Galicia coa Lei da Paisaxe de Galicia, o Catálogo da Paisaxe e as Directrices da Paisaxe de Galicia.

Xa que non se dispón de documentación nin información algunha ao respecto.

SÉTIMA.- VULNERACIÓN DA CONVENCÓN SOBRE A CONSERVACIÓN DAS ESPECIES MIGRATORIAS DE ANIMAIS SILVESTRES

Por outra banda, a Conferencia das Partes na Convención sobre a Conservación das Especies Migratorias de Animais Silvestres indica que existe unha necesidade de investigación en curso e futura sobre o ruído submarino coordinada internacionalmente (incluíndo, entre outros, sobre parques eólicos mariños e tráfico marítimo asociado), sobre especies mariñas incluídas na CMS e as súas presas, os seus roteiros de migración e coherencia ecolóxica, co fin de protexer adecuadamente aos cetáceos e outras especies

mariñas migratorias. Tamen insta a garantir que as avaliacións de impacto ambiental teñan plenamente en conta os efectos das actividades sobre as especies mariñas incluídas na CMS e as súas presas, e a considerar un enfoque ecolóxico máis integral na fase de planificación estratéxica.

A UNEP/CMS/Resolución 12.14 sobre dos Impactos Adversos do Ruído Antropoxénico sobre os Cetáceos e outras Especies Migratorias adoptada pola Conferencia das Partes na súa 12ª Reunión (Manila, outubro de 2017) indica que cómpre limitar o ruído mariño antropoxénico prexudicial por medio da xestión (incluíndo unha normativa, cando sexa preciso) e que a presente Resolución é crave neste sentido. Os Estados parte deben proceder á caracterización das fontes de ruído antropoxénico e propagación do son para posibilitar unha avaliación do risco acústico posible para determinadas especies individuais en virtude das súas sensibilidades auditivas. Como queira que España non cumpriu con esta Resolución nin estableceu normativa algunha ao respecto, cómpre rexeitar a eólica mariña offshore pola incertidume que esta xenera para a conservación da fauna mariña e en especial para os cetáceos. Indica así:

“Lembrando que na Resolución 9.19 e Resolución 10.241 as Partes da CMS expresaron a súa preocupación por posibles “impactos antropoxénicos adversos do ruído mariño sobre os cetáceos e outras biotas”,

Recoñecendo que o ruído mariño antropoxénico, segundo a súa fonte e intensidade, é unha forma de contaminación, composta de enerxía, que pode degradar o hábitat e ter efectos nocivos sobre a vida mariña, que van desde perturbacións da comunicación ou cohesión do grupo ata lesións e a morte,

Conscientes de que, ao longo do século pasado, os niveis de ruído antropoxénico nos océanos do mundo aumentaron significativamente como consecuencia de múltiples actividades humanas,

Lembrando as obrigacións dos estados que son Partes da Convención das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar (UNCLOS), de protexer e preservar o medio mariño e de cooperar a escala mundial e rexional en relación cos mamíferos mariños prestando especial atención ás especies altamente migratorias, incluíndo os cetáceos que figuran no Anexo I de UNCLOS,

Lembrando que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución A/RES/71/257 sobre os océanos e o dereito do mar adoptada en 2016 “observa con preocupación que as ameazas de orixe humana tales como os refugallos mariños, colisións con barcos, ruído submarino, derrames de petróleo e redes refugadas, en conxunto poden ocasionar impactos severos na vida mariña, incluíndo os seus niveis tróficos máis altos, e solicita aos países e organizacións internacionais competentes cooperar e coordinar os seus esforzos de investigación a este respecto co fin de reducir estes impactos e preservar a integridade de todo o ecosistema mariño á vez que respectan integramente os mandatos das organizacións internacionais relevantes”,

Lembrando a Resolución 10.15 da CMS sobre un “Programa de Traballo Mundial para os Cetáceos”, a cal insta as Partes e ás non Partes a promover a integración da conservación dos cetáceos en todos os sectores relevantes mediante a coordinación das súas posturas nacionais entre varias convencións, acordos e outros foros internacionais, e instrúe ao Grupo de Traballo sobre mamíferos acuáticos do Consello Científico co fin de desenvolver consellos para o seu uso nas Avaliacións de Impacto Ambiental a nivel rexional e proporcionar apoio aos gobernos e órganos rexionais para avaliar e definir estándares adecuados para a contaminación acústica, ..(....)

Tendo en cuenta a falta de datos sobre a distribución e a migración dalgunhas poboacións de especies mariñas e sobre os impactos nocivos dalgunhas actividades humanas sobre as especies mariñas incluídas na CMS e as súas presas,

Consciente de que as incidencias de animais varados e a morte de especies de cetáceos coincidiron con, e poden deberse ao, uso de soares activos de alta intensidade e frecuencia media,

Reafirmando que a dificultade de demostrar os posibles impactos negativos das perturbacións acústicas sobre as especies mariñas incluídas na CMS e as súas presas require un enfoque cauteloso nos casos en que tales impactos son probables,...(....).

Consciente do chamamento aos membros da UICN a recoñecer que, cando existen razóns para supoñer que os efectos nocivos sobre a biota poden estar causados polo ruído mariño antropoxénico, a falta dunha plena certeza científica non debe usarse como xustificación para pospoñer medidas que impidan ou reduzan na maior medida posible tales efectos...”.

Por outra banda, o **DOCUMENTO TÉCNICO SOBRE IMPACTOS Y MITIGACIÓN DE LA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA MARINA**, Madrid 2012 do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente indica, con respecto á eólica mariña offshore que:

“III.3.A CARACTERÍSTICAS DE LAS FUENTES

Instalación de pilotes

El hincado de pilotes para diversas infraestructuras, tales como muelles y pantalanes, puentes, aerogeneradores, plataformas de extracción de hidrocarburos, etc, produce sonidos de baja frecuencia. Se desarrolla sobre todo en zonas costeras y se está haciendo más frecuente también en zonas de mar adentro, para construir parques eólicos marinos y plataformas de hidrocarburos.

La instalación de pilotes utiliza frecuentemente técnicas de impacto (un martillo mecánico de gran tamaño) y también se puede realizar por vibración de los pilotes, o perforación del fondo marino para enterrarlos en su parte basal. Los sonidos del hincado mecánico se producen de forma omnidireccional y los niveles se encuentran normalmente en el rango de los 185-195 dBRMS re 1 μ Pa @ 1 m /195-215 dBmax re 1 μ Pa @ 1 m, mientras que los niveles máximos pueden alcanzar hasta 260 dB re 1 μ Pa @ 1 m en ausencia de medidas de reducción de ruido. La mayor parte de la energía se encuentra en el rango de baja frecuencia 40-1000 (hasta 2000) Hz (CDoT 2001; Nedwell et al., 2003; Nedwell y Howell, 2004; Rodkin y Reyff, 2004). Los efectos de la instalación de pilotes para aerogeneradores han sido revisados recientemente (Madsen et al., 2006, Thomsen et al., 2006).

Dragados

El dragado emite durante las operaciones un sonido continuo de banda ancha, principalmente de baja frecuencia. Se usa, por ejemplo, para extraer recursos geológicos tales como arena y grava, mantener las rutas del tráfico marítimo o colocar oleoductos en el lecho marino (Richardson et al., 1995). Se citan niveles de emisión de banda ancha de 185 y 172 dB re 1 μ Pa @ 1 m (WDCS, 2003) y se registraron niveles de fuente de casi 180 dB re 1 μ Pa @ 1 m para las bandas de tercio de octava alrededor de los 100 Hz (Richardson et al., 1995; Defra, 2003)

Explosiones

Las explosiones se utilizan en el medio marino de forma más común de lo que se piensa, como una alternativa más rápida y barata que el uso de maquinaria pesada para romper sustratos duros; por ejemplo, para construcción de muelles, profundización de puertos, nivelado y perforaciones para colocar infraestructuras, desinstalación de plataformas de hidrocarburos tras su fase operativa, etc. Ejemplo de su uso común son las explosiones en el puerto de Algeciras, que se pueden observar en <http://www.youtube.com/watch?v=tMxyspJgGHk>.

Los explosivos se dividen tradicionalmente en los elaborados a base de pólvora, que crean explosiones “lentas” y los de alta potencia y velocidad de explosión, como la dinamita, TNT, etc, que crean ondas expansivas en las que se llega muy rápidamente al pico de presión, con mayor potencial de afección a la fauna. En el agua, por ser Documento Técnico sobre impactos y mitigación de la contaminación acústica marina incompresible, hay poca absorción de la onda expansiva, que se transmite a mayor rango que en aire. El rango letal de una explosión en agua es por tanto mucho mayor que la misma masa explosiva en aire. Por ejemplo, un hombre a 5 m de una granada de mano no sufriría daños por la onda expansiva en aire, pero el impacto en agua sería letal.

Cuando la onda expansiva alcanza la superficie del agua, parte de la presión se dispersa en la pluma y campana de explosión y el resto de la energía se refleja de vuelta al agua.

Las características de las explosiones dependerán del trabajo objetivo, que determinará el tipo y cantidad de explosivo a utilizar. Respecto a la transmisión de la onda expansiva, esta puede viajar por el fondo marino a través de las rocas, de modo que a veces el tren de ondas del subsuelo puede transmitirse a mayor velocidad que la onda viajando por el agua.

Funcionamiento de los parques de energía eólica marinos

Estas estructuras son una fuente de sonido constante de baja frecuencia en el agua. El ruido que se produce al girar las aspas no penetra en el agua, por la reflexión que se produce por el cambio de medio. Sin embargo, las vibraciones se transmiten al pilote que sostiene a las aspas, y desde este, al agua en el que está sumergida su base. Al igual que muchas fuentes de ruido, los niveles de fuente operacionales de los aerogeneradores son más bajos que durante la construcción y dependen de factores distintos: el tipo de construcción, tamaño, condiciones ambientales (es decir, la profundidad, la topografía, la estructura de los sedimentos, hidrografía), velocidad del viento, el tamaño del parque eólico, etc. Actualmente se dispone de pocos datos sobre las emisiones de sonido al mar atribuibles al funcionamiento de las turbinas de viento y sus efectos sobre la vida marina.

En el mar, hasta ahora sólo se han medido las emisiones acústicas de los aerogeneradores de una potencia de salida de entre 0,2 y 2,0 MW (Madsen et al., 2006). Sin embargo, está planificado construir extensos parques eólicos marinos en el Mar del Norte con turbinas de una potencia de 3,5 a 5 MW (De Buhr, 2001; Wobben, 2004). Las mediciones, usando como ejemplo modelo una turbina eólica marina de 0,5 MW, indicaron que el sonido bajo el agua operativo que procede de una turbina tan pequeña está sólo por encima del sonido ambiental en el rango de frecuencias por debajo de aproximadamente 1-2 kHz (Degn, 2002). Henriksen et al. (2003) estiman que el nivel máximo de ruido de tales operaciones sí estaría por encima del umbral de audición de las marsopas. Deben considerarse las posibles afecciones a peces que son capaces de detectar infrasonidos a través de la línea lateral, pero hasta el momento no hay estudios de impacto de este tipo.

III.3.B IMPACTOS SOBRE LA FAUNA MARINA

Los efectos de la onda expansiva son más fuertes en explosiones submarinas que en aire, pues en el aire la onda de choque se disipa más rápidamente y tiende a ser reflejada por la superficie del cuerpo, mientras que en el agua la onda atraviesa el cuerpo y causa daños internos en las interfases de gas y líquido de los órganos. Keevin y Hemper (1997) realizan una revisión de daños sobre la vida marina y reportan afecciones de explosiones submarinas a la flora (la fanerógama marina *Zostera marina* y varias especies de algas), a invertebrados y a peces. En el caso de los peces se observó que las detonaciones frecuentemente no producían daños externos muy visibles, mientras que los órganos internos podían estar profundamente afectados. Dado que las detonaciones afectan principalmente a las interfases y cámaras aéreas, los peces e invertebrados sin vejiga natatoria parecen ser más resistentes a impactos de explosiones

Funcionamiento de aerogeneradores

Koschinski *et al.* (2003) mostraron que marsopas y focas evitaban ruido simulando un aerogenerador en funcionamiento. El incremento del ruido basal a frecuencias bajas podría tener efectos sobre peces e invertebrados”.


Tanto a instalación dos pilotes, como os dragados, as explosións e o funcionamento dos aerogeneradores supoñen prexuízos significativos e irreparables para a biodiversidade mariña. Desde o punto de vista do impacto acústico e tendo en conta as dimensións do macro parque eólico e a potencia que prevé producir, ao que hai que engadir a falla de estudos dos impactos, estímase un nivel de ruído moi por enriba do que podería soportar a fauna, polo que o proxecto debe ser rexeitado.

➤ ESTELAS DE SEDIMENTOS SUSPENDIDOS NO MAR A CONSECUENCIA DAS INSTALACIÓNS EÓLICAS MARIÑAS

Ver enlace web: <https://earthobservatory.nasa.gov/images/89063/offshore-wind-farms-make-wakes>

“Durante la última década se han levantado cerca de un centenar de parques eólicos marinos en la costa de Europa, pero seguimos sin tener claro el impacto medioambiental que pueden producir en el mar. Nuevas imágenes de satélite publicadas por la NASA confirman un efecto inesperado.

En las fotos, capturadas por el satélite Landsat 8 del Servicio Geológico de Estados Unidos en junio de 2015, se pueden apreciar unas enormes estelas de sedimentos suspendidos que se extienden desde las turbinas de tres grandes granjas eólicas marinas en el mar del Norte:



Imágenes del Observatorio de la Tierra de la NASA por Jesse Allen, utilizando datos Landsat del Servicio Geológico de EE. UU. Leyenda de Kathryn Hansen.



Imágenes del Observatorio de la Tierra de la NASA por Jesse Allen, utilizando datos Landsat del Servicio Geológico de EE. UU. Leyenda de Kathryn Hansen.



Imágenes del Observatorio de la Tierra de la NASA por Jesse Allen, utilizando datos Landsat del Servicio Geológico de EE. UU. Leyenda de Kathryn Hansen.

Pero el ambiente debajo de la superficie del agua también puede sentir la presencia de las turbinas. Las vistas detalladas revelan columnas de color marrón claro de sedimentos suspendidos que se extienden desde cada torre. En un artículo de 2014, los investigadores analizaron imágenes satelitales y descubrieron que las estelas (y las columnas) pueden medir entre 30 y 150 metros de ancho y hasta varios kilómetros de largo.

“El hecho de que las estelas sean más marrones que las aguas circundantes muestra que contienen más sedimentos en suspensión”, dijo Quinten Vanhellemont, investigador del Real Instituto Belga de Ciencias Naturales y autor principal del artículo de 2014. “Esto demuestra que la instalación de los aerogeneradores no solo modifica el campo de viento sobre la superficie del mar (lo que es de esperar ya que están extrayendo energía eólica), sino que también modifican las corrientes y el transporte de sedimentos en el agua”.

Vanhellemont explicó que las estelas son generadas por la corriente de marea que se mueve alrededor de la base de la turbina. La dirección y la curvatura de las estelas están relacionadas con la dirección general de la corriente. Por ejemplo, la imagen del London Array se adquirió durante la marea de inundación, por lo que las estelas siguen la corriente hacia el norte. Pero la marea en esta área se invierte cada seis horas, dijo Vanhellemont, “por lo que las estelas son bastante dinámicas durante el día”.

Todavía no está claro cómo estos cambios en el transporte de sedimentos podrían afectar el entorno submarino relativamente poco profundo, que se sabe que es un importante vivero de peces. Según Vanhellemont, los investigadores de la Universidad de Hull están estudiando las estelas con mayor detalle investigando su estructura 3D”.

OITAVA.- PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL E PRINCIPIO PRECAUTORIO

Polo tanto, e en base á prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o proxecto eólico mariño flotante San Brandán debe ser rexeitado ten en conta o seu artigo 2 e a precaución que debe guiar as intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

- b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidad mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

Por outra banda, a Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres establece:

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.
2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.
2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.
3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en cuenta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

O proxecto vulnera a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Artigo 1. Obxecto.

1. A presente Lei establece o réxime xurídico que rexe a adopción das medidas necesarias para lograr ou manter o bo estado ambiental do medio mariño, a través da súa planificación, conservación, protección e mellora.
2. Na súa calidade de ben de dominio público, asegurase un uso sostible dos recursos do medio mariño **que teña en consideración o interese xeral.**

No presente caso o interese xeral é que a eólica mariña offshore sexa a última alternativa ao fomento das enerxías renovables. Polo tanto, o interese deste proxecto non se xustifica, en tanto en canto, non se reponteciaron os parques eólicos terrestres nin se fomentou o autoconsumo privado e comunitario das enerxías renovables.

Por outra banda, e como ben indica o parágrafo c) deste artigo 1.2.c) non se garante que a explotación eólica no medio mariño sexa compatible coa preservación da súa biodiversidade.

Artigo 3. Natureza e réxime do medio mariño.

1. A utilización das augas mariñas, incluídos o leito, o subsolo e os recursos naturais, será libre, pública e gratuíta para os usos compatibles coa súa natureza de ben de dominio público, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 22/1988, e coa preservación da súa integridade, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección do medio ambiente no seu territorio.

Artigo 4. Criterios de planificación no medio mariño.

1. A actuación dos poderes públicos en materia de planificación do medio mariño rexerese polos seguintes criterios:
 - a) **Aplicarase unha xestión adaptativa das actividades humanas seguindo o principio de precaución e o enfoque ecosistémico e tendo en conta o coñecemento científico,** para garantir que a presión conxunta das devanditas actividades mantéñase en niveis compatibles coa consecución dun bo estado ambiental.
 - b) Non se comprometerá a capacidade dos ecosistemas mariños de responder os cambios inducidos pola actividade humana.
 - c) Propiciarase o aproveitamento sostible dos bens e servizos mariños polas actuais e futuras xeracións.
 - d) Garantirase a coherencia de todas as estratexias mariñas de cada rexión mariña, a través da necesaria coordinación a nivel autonómico, nacional e internacional.

e) Promoverase a conservación da biodiversidade e os procesos ecolóxicos do medio mariño a través da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España e outros instrumentos de protección.

f) Manterase como obxectivo a minimización da contaminación do medio mariño, entendendo como contaminación toda introdución directa ou indirecta no medio mariño de substancias ou enerxías como consecuencia da actividade humana, incluídas as fontes sonoras submarinas, que provoquen ou poidan provocar efectos nocivos, como prexuízos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños –incluída a perda de biodiversidade–, riscos para a saúde humana, obstáculos ás actividades marítimas, especialmente á pesca, ao turismo, ás actividades de lecer e demais usos permitidos do mar, así como alteracións da calidade das augas mariñas que limite a súa utilización e unha redución do seu valor recreativo, ou en termos xerais un menoscabo do uso sostible dos bens e servizos mariños, incluídos os seus recursos.

Artigo 5. Principios inspiradores na determinación de medidas para cada demarcación mariña.

1. Inspirarán a determinación das medidas os seguintes principios:

a) O principio de precaución.

b) O marco de esixencia no ámbito internacional e comunitario á hora de integrar as medidas nun programa, o respecto e aplicación das normas contempladas nos tratados internacionais na materia subscritos polo Estado español e a normativa europea.

c) O desenvolvemento sostible e, en particular, o impacto social, ambiental e económico das medidas contempladas.

d) O principio de acción preventiva.

e) O principio de corrección de danos ambientais na mesma fonte.

f) O principio de quen contamina paga.

NOVENA.- AFECCIÓNS SEVERA A ZONAS PROTEXIDAS E DE ALTO VALOR AMBIENTAL. DEFICIENCIA DO INVENTARIO AMBIENTAL.

Destacan as Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPA) do Espazo Mariño de Punta de Candelaria-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, que cobre a totalidade do litoral entre as localidades de Cariño e San Ciprián; e o Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño, que cobre desde esta última localidade homónima ata Ferrol.

A localización do parque (incluíndo os cables do transporte de electricidade ata a estación terrestre) sería adxacente a un amplo abanico de zonas protexidas.

Neste contexto, requírese a análise exhaustiva dos potenciais danos ecosistémicos a gran escala –máis aló da zona ocupada polos aerogeradores– nestas áreas ecoloxicamente fráxiles.

Ademais, os fenómenos meteorolóxicos extremos relacionados co cambio climático poden deteriorar as instalacións e comportar perigos adicionais para o medio natural a máis longo prazo. Tampouco hai que esquecer o crecente risco de accidentes (colisións de barcos coas turbinas, risco de lume nas turbinas, etc.) que poden conlevar graves danos para as persoas e o medio ambiente lindeiro.

Débense avaliar os impactos do parque eólico e das infraestruturas asociadas, e o seu rol no mix enerxético local, autonómico e estatal. E todas as avaliacións e análises deben ser accesibles publicamente e trazables respecto a as súas fontes de financiamento.

DÉCIMA.- PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA OS ECOSISTEMAS MARIÑOS

Os parques eólicos mariños conlevar o risco de colisión de aves, mamíferos e tartarugas mariñas coas instalacións.

Estas infraestruturas tamén supoñen outros problemas ambientais como os seguintes:

*Contaminación acústica (causada por turbinas e a montaxe de estruturas) para os mamíferos e outros animais mariños.

*Contaminación por metais pesados procedentes dos ánodos de sacrificio que se utiliza para protexer contra a corrosión as estruturas metálicas enterradas ou mergulladas (magnesio, aluminio e zinc...).

*Dano dos fondos mariños polas áncoras e o tendido e despregamento de cables.

*Destrucción ou modificación dos hábitats e a súa biodiversidade.

*Efectos daniños dos campos electromagnéticos dos cables sobre os peixes e outros recursos pesqueiros e outros.

Contaminación acústica do medio mariño. Prexuízos significativos e incompatibles.

As vibracións xeradas na góndola e nas pas dos xeradores transmítese pola estrutura ata a parte mergullada xerando ruído submarino. **As características deste ruído están pouco estudadas.**

Ao ruído dos aeroxeradores débese sumar o das embarcacións responsables das tarefas de mantemento /reparación, que ademais xerarán emisións á atmosfera.

Contaminación electromagnética. Prexuízos significativos e incompatibles.

A electricidade producida polas turbinas eólicas mariñas transmítese mediante cables a terra. A corrente eléctrica xerada produce campos magnéticos. Realizáronse estudos sobre os posibles efectos dos campos magnéticos estáticos artificiais en varias especies en diversas condicións experimentais. Os campos electromagnéticos artificiais poderían interactuar cos organismos mariños para producir cambios detectables. O campo magnético pode afectar a moluscos, crustáceos, peces e mamíferos mariños que utilizan o campo magnético terrestre para orientarse durante a navegación. **Pero aínda se descoñece se os campos magnéticos asociados coas turbinas eólicas inflúen nos organismos mariños.** Os elasmobranquios, unha das especies máis electrosensibles, son atraídos por campos eléctricos no rango de 0,005-1 $\mu\text{V cm}^{-1}$ e evitan campos superiores a 10 $\mu\text{V cm}^{-1}$.

UNDÉCIMA.- IMPACTO ACÚSTICO SEVERO

A contaminación acústica interfere na vida cotiá dos animais mariños de dúas formas. En primeiro lugar, o ruído ten un impacto directo na súa saúde, xa que pode provocarles xordeira parcial ou total. Un segundo impacto é a contaminación crónica, que se compara coa capa permanente de gases que se instala sobre as cidades e causa afeccións respiratorias aos seus habitantes. Un problema, en suma, que sen resultar letal, prexudica o modo de vida cotián destes animais.

Os mamíferos mariños dependen dos sinais acústicos para un gran número de accións, como a comunicación, a orientación, a alimentación e as relacións con outros animais da especie. Por iso, a interrupción dos sinais lévalles a desorientarse, co que podería estar relacionado co fenómeno das baleas varadas.

DUODÉCIMA.- AFECCIÓN SEVERA PARA OS CETÁCEOS

Ao ser os cetáceos os depredadores máximos da cadea alimenticia, calquera problema que afecte á súa supervivencia ten efectos sobre o resto, polo que cómpre a protección rigorosa destes.

Estímase que existen unhas 80 especies de cetáceos, mamíferos mariños que comprenden desde os golfinhos a orcas, pasando por baleas e cachalotes, entre outros moitos.

Cada vez hai máis cetáceos na costa galega consecuencia dos efectos do cambio climático. Os cetáceos utilizan os sinais acústicos na súa vida diaria. Alguén pensou como lles vai afectar o ruído da eólica offshore dous parques San Brandán, San Cibrao ou agora o proxecto Nordés aos cetáceos da costa galega?

*Redución da poboación. A contaminación acústica poden provocar un recorte de ata un 50% da cantidade de cetáceos que viven nunha zona concreta.

*Cambio de roteiros. O ruído interfere os sinais acústicos que se envían estes animais, polo que se desvían dos roteiros migratorios.

*Dáños físicos. A exposición continua a unha fonte sonora pode provocar xordeira parcial ou total aos animais.

DECIMO TERCEIRA.- AFECCIÓN SEVERA E INCOMPATIBLE COA REDE NATURA 2000.

ZEC “Costa da Morte (ES1110005)”

Outras figuras de protección

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.” Costa da Morte”, de 11.809 ha e “Costa da Morte (Norte)” de 7.962 ha.
- Zona de Especial Protección para as Aves ZEPA ES0000176 "Costa da Morte (Norte)", 7.962 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 □	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 □	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2150 □	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
2260	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavenduletalia</i>
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 □	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 □	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 □	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietae</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 □	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 □	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7220 □	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo

8330	Furnas mariñas
91D0	Turbeiras boscosas
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Omphalodes littoralis</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Rumex rupestris</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
<i>Sphagnum pylaisii</i>	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Caretta caretta</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Phocoena phocoena</i>
	<i>Rhinolophus euryale</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>
	<i>Tursiops truncatus</i>

ZEC “Costa dá Mariña Occidental (ES1120017)”

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección para as Aves: ZEPA ES0000372 "Costa da Mariña Occidental", 2.169 ha.
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Costa da Mariña occidental” de 491 ha e 2.169 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou arentas que non están cubertos de auga na baixamar
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritima</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2190	Depresións intradunales húmidas
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranuncion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4020	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos

4040	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
5230	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo- limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7220	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8330	Furnas mariñas
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Costa Ártabra Código da ZEC ES1110002

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos, Ares.

Superficie

7.546 ha.

Situación

Tramo costeiro do norte da provincia da Coruña, correspondente á comarca de Ferrol e unha parte da de Ortelgal. Localidades de referencia: Ferrol, Valdoviño, Cedeira, Cariño.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección para as Aves: ZEPA ES0000258 "Costa de Ferrolterra-Valdoviño", 4.266 ha).
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais "Costa Ártabra" de 7.546 ha e "Costa de Ferrolterra-Valdoviño" de 4.266 ha.
- Humidal Protexido "Lagoa e areal de Valdoviño"; de 485 ha).
- Humidal Ramsar "Lagoa e areal de Valdoviño, 7ES025; 485 ha).

A área correspóndese parcialmente coa IBA 005 Costa de Ferrolterra-Valdoviño e a IBA 006 Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares, incluídas no inventario de SEO/BirdLife (1998).

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150 □	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1220	Vexetación perenne de coídos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fruticosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 □	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2150 □	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (<i>Calluno-Ulicetea</i>)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do <i>Malcolmietalia</i>
2260	Dunas con vexetación esclerófila do <i>Cisto-Lavenduletalia</i>
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 □	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
4040 □	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
5230 □	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 □	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6420	Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do <i>Molinion-Holoschoenion</i>
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 □	Turbeiras altas activas
7120	Turbeiras altas degradadas que aínda poden rexenerarse de xeito natural
7130 □	Turbeiras de cobertor (* para as turbeiras activas)
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 □	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7220 □	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
7230	Turbeiras baixas alcalinas
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos

8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mariñas
9180	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Centaurea borjae</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Alosa alosa</i>
<i>Culcita macrocarpa</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa fallax</i>
<i>Festuca brigantina</i>	<i>Euphydrias aurinia</i>	
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Geomalacus maculosus</i>	
<i>Omphalodes littoralis</i>	<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Rumex rupestris</i>		
<i>Sphagnum pylaisii</i>		
<i>Trichomanes speciosum</i>		
<i>Woodwardia radicans</i>		

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Caretta caretta</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Chelonia mydas</i>	<i>Halichoerus grypus</i>
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	

DECIMO CUARTA.- AFECCIÓN A RESERVAS DA BIOSFERA

ZONA ARTEIXO (SE SABÓN)

A totalidade da área afectada queda incluída dentro da Reserva da Biosfera “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo”. Esta Reserva da Biosfera foi declarada como tal no ano 2013, está localizada no ámbito do litoral cántabro-atlántico de Galicia, comprende unha superficie de 113.969,7 ha terrestres e 2.754,8 ha mariñas. Conta con 49 hábitats de interese comunitario, 12 deles clasificados como prioritarios.

Outras figuras de protección que posúe son as seguintes:

- Zonas Especiais de Conservación (ZEC) “Encoro de Abegondo- Cecebre”, de 529 ha, “Costa da Morte”, de 11.809 ha, “Betanzos-Mandeo”, de 1.020 ha e “Costa de Dexo”, de 347 ha;
- Monumento Natural “Costa de Dexo” de 267 ha,
- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Encoro de Abegondo- Cecebre” de 493 ha, “Costa da Morte” de 11.809 ha, “Betanzos- Mandeo” de 1.020 ha e “Costa de Dexo” de 347 ha.

DÉCIMO QUINTA.- PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E INCOMPATIBLES COA RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DA PÍLLARA DAS DUNAS.

Nas zonas de estudo pódense identificar unhas pequenas zonas incluídas dentro da área potencial, segundo o establecido no Plan de Recuperación da Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia aprobado mediante Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro.

A zona de cría máis próxima á SE de Xove é Valdoviño, situada en liña recta a 54 km; mentres que a zona de cría máis próxima á SE de Sabón constitúe a praia de Baldaio, situado a 14 km en liña recta.

DÉCIMO SEXTA.- PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E INCOMPATIBLES COA CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN DA ESCRIBENTA DÁS CANAVEIRAS (ESCRIBANO PALUSTRE)

A zona afectada polo proxecto atópase dentro da área potencial, segundo o establecido no Plan Recuperación da subespecie lusitana da Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. Lusitánica Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio.

Entre as ameazas atópanse as accións de drenaxe e os movementos de terra. A zona de cría máis próxima á SE de Xove é Valdoviño, situada en liña recta a 54 km; do mesmo xeito que no caso do Chorlitejo patinegro.

DÉCIMO SÉTIMA.- ÁREA IMPORTANTE PARA A CONSERVACIÓN DAS AVES

O Programa de Conservación das Áreas Importantes para as Aves de BirdLife (Important Bird Areas, IBA) é unha contribución ao establecemento de estratexias de conservación, utilizando ás aves como indicadores das áreas con maior riqueza natural. Aínda que non se trata dunha figura de protección oficial, téñense en conta por parte das administracións á hora de designar novos espazos, como é o caso da ZEPA Espazo mariño Punta Candelaria-ría de Ortigueira-Estaca de Bares.

Actualmente existen 391 IBAS identificadas na Península Ibérica entre as que se atopan, IBA 004 Costa da Morte, na zona de Arteixo e IBA 006 Punta Candelaria-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares na zona de Xove. O humidal de Barrañán está situado a 5 km en liña recta.

ZONA ARTEIXO (SE SABÓN)

Na zona atópase a IBA 004 Costa da Morte. A parte terrestre desta IBA está formada por unha franxa costeira de 77 km de lonxitude, ao noroeste da provincia da Coruña na comarca de Bergantiños e inclúe a ría de Corme-Laxe. Neste espazo existen cantís (50 m de altura media), illas e illotes, praias de seixos e area con sistemas dunares de relevancia, tras os que nalgunhas aparecen lagoas litorais, esteiros e zonas palustres. Doutra banda, a parte mariña desta IBA, ocupa a maior parte da plataforma continental fronte á Costa da Morte. Co seu 3.500 km² é a segunda IBA mariña en extensión. O seu límite costeiro esténdese desde a punta das Ondas (Caión) ata Cabo Touriñán, onde se aparta da liña litoral e segue dirección sur ata a altura de Muros. O seu límite exterior coincide a grandes liñas co bordo de plataforma-noiro, superando os 600 m de profundidade nalgúns puntos. Esta zona leva asociados os seguintes elementos de valor:

Esta zona presenta unha elevada produtividade biolóxica, principalmente entre maio e setembro, época na que o réxime de ventos (predominantemente do norte) provoca fenómenos de afloramiento de augas profundas. Estes afloramientos acentúanse pola confluencia de dúas importantes correntes de ámbito atlántico, a subpolar e a subtropical.

ZONA XOVE (SE XOVE)

A IBA 006 correspóndese co tramo costeiro no extremo norte da provincia da Coruña, dun 60 km. de lonxitude que inclúe o Cabo Ortegá, Estaca de Bares e a ría de Ortigueira. En terra, ademais da inclusión en IBA da illa de Coelleira, atópanse cantís costeiros de gran altura (máis de 100 m), destacando Vixía de Herbeira-Punta do Limo que alcanza os 613 m, sendo un dos máis altos de Europa. Existen así mesmo praias arenosas, algunha con sistemas dunares de interese e algunhas illas e illotes rochosos, como o conxunto de Vos Aguilóns, fronte a Cabo Ortegá.

A parte mariña é un importante corredor migratorio (corredor marítimo de Estaca de Bares) utilizado cada ano por máis dun millón de aves durante a migración postnupcial. Esténdese 13 km cara ao norte de Estaca de Bares e alcanza unha profundidade máxima de case 150 m.

Doutra banda, a ría de Ortigueira e Ladrado (1.400 ha) é un esteiro fluvial con amplas superficies de limos intermareales, sendo unha das marismas máis extensas do noroeste de España. Tamén se presentan carrizais en Esteiro (proximidades de Estaca de Bares).

A parte mariña da IBA está asociada ao corredor migratorio marítimo de Estaca de Bares.

DÉCIMO OITAVA.- PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS NA PAISAXE E AS COSTAS

Doutra banda, a diferenza dos mares nórdicos, en moitas zonas do litoral galego a paisaxe é un elemento crave de identificación e vínculo tanto para a poboación local como para os millóns de turistas que visitan as nosas costas a fin de obter os beneficios que nos propicia o medio mariño.

O contacto co mar é saudable, permite a realización de actividades recreativas, e constitúe patrimonio natural e cultural. Por este motivo o impacto dos megaparques eólicos mariños en zonas como a escollida pola mercantil promotora é preocupante.

Tampoco pode ignorarse que se requirirá o despregamento de grandes infraestruturas para a ensamblaxe, construción e mantemento dos grandes parques eólicos, coa consecuente industrialización dos portos e a costa adxacente. É máis, estes grandes parques eólicos poden conlevar no futuro a creación de plantas de produción de hidróxeno para almacenar a enerxía eólica producida. Esta industrialización da costa constitúe unha presión adicional sobre o medio litoral e mariño.

Municipios especialmente afectados: Burela, San Cibrao, Xove, Viveiro, O Vicedo, O Porto de Bares, Espasante, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Ferrol, Sada, Coruña, Arteixo e Malpica de Bergantiños. De todos estes núcleos de poboación, as infraestruturas serán máis visibles desde Burela, Espasante, Valdoviño, Arteixo e Malpica de Bergantiños.

IMAXES DA COSTA ÁRTABRA







Afección a Miradoiros.

Na conca considerada identificáronse máis de 68 miradoiros.

Visibilidade do parque eólico desde Camiño de Santiago

Indica a mercantil promotora que: “Non será visible o parque eólico desde ningún tramo do Camiño de Santiago”. É evidente que ignora a existencia das rutas marítimas xacobeas. O denominado Camiño Inglés é unha das rutas marítimas xacobeas que se utilizaba na Europa medieval para alcanzar Compostela. Peregrinos procedentes dos países escandinavos, os Países Baixos, o norte de Francia e principalmente de Inglaterra, Irlanda e Escocia chegaban por barco ao norte de España entrando en Galicia polos portos de Ribadeo, Viveiro, Ferrol ou A Coruña. Estes dous últimos portos, situados nun amplo golfo que os romanos denominaron Portus Magnum Artaborum, consolidáronse tradicionalmente como os puntos de partida das dúas alternativas do Camiño Inglés. Os navegantes chegaban a porto guiados polo feixe de luz da Torre de Hércules, faro romano declarado Patrimonio da Humanidade no ano 2009.

Distancia a vivendas/núcleos de poboación

Os trazados de cada unha das alternativas discorren en todo momento mantendo unha distancia de seguridade de 2,5 m a cada lado da gabia de 5 m de ancho, respecto a as vivendas existentes, no caso as propostas de traza soterrada. En relación ás propostas de traza aérea, mantense unha distancia de seguridade de 5 m a cada lado do trazado, considerando unha servidume de voo de 15 m. Sen embargo, a mercantil promotora on indica que núcleos de poboación son os afectados nin avalía os impactos para a saúde o benestar das familias que viven e residen neles. Cómpre ter en conta que segundo o Convenio europeo da Paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración en base ás aspiracións da cidadanía **tras consulta pública** (e non por tanto en base ás aspiracións da mercantil promotora).

A empresa só avalía a envolvente que vai desde Estaca de Bares a Malpica de Bergantiños, pero na realidade o impacto é moito maior, se temos en conta o efecto estela dos sólidos en suspensión que provocan os muíños no mar e que pode chegar moito máis alá do buffer previsto pola mercantil promotora.

Lugares de Interese Xeolóxico

ZONA ARTEIXO (SE SABÓN)

Na zona de Arteixo localízanse os seguintes lugares de interese:

LIG GM009: Zona de cizalla e pliegues na Serie de Ordes, en Punta Langosteira

Localízase ao nordés da subestación de Sabón.

ZONA XOVE (SE XOVE)

Na zona de Xove localízanse os seguintes lugares de interese:

LIG A O005: Rocas metasedimentarias da Praia de Esteiro.

Localízase na costa ao oeste da subestación. Na marxe dereita da praia de Esteiro obsérvase a presenza dunha gran variedade de rocas metasedimentarias silíceas e carbonatadas orixinadas por un intenso metamorfismo durante o Cámbrico- Proterozoico. O outro gran grupo de rocas son as magmáticas, constituídas por granitos, granodioritas, pegmatitas e rocas ultramáficas, xeradas durante o Carbonífero- Pérmico. O feito de que se atopen nun mesmo lugar fai da praia de Esteiro un afloramiento excepcional.

LIG A O007: Xacementos de caolín “Tipo Paraños”

Localízase na costa ao sueste da subestación.

LIG A O008: Formas e estruturas de meteorización no granito de Punta Morás.

LIG A O009: Conxunto de tómbolos ramificados de San Cibrao

Localízase no cabo de San Cibrao. Os afloramientos costeiros do macizo de San Cibrao xunto coa dinámica litoral desta zona provocan a acumulación de areas en forma de tómbolos, unindo as illas e illotes co continente. Ademais, existen outras dúas manifestacións plutónicas de menos tamaño que tamén se atopan unidos mediante tómbolos de menos tamaño, un dos cales queda mergullado en mareas vivas. Recoñécese na zona cordóns durante, así como dunas fósiles na parte este de a “illa”, así como un roteiro que percorre as áreas de cantería histórica.

DÉCIMO NOVENA.- FALLA DE AVALIACIÓN DOS IMPACTOS SOCIOECONÓMICOS

As principais densidades pesqueiras localízanse na ría de Ferrol.

Destaca a pesca peláxica, en áreas a máis de 30 km da costa, entre os 200 e 500 m de profundidade, cunha actividade menor en augas intermedias.

Existen, así mesmo, varios caladoiros ao longo da costa, destinados á explotación acuícola.

*A empresa recoñece afeccións ao medio natural.

*A empresa recoñece a relevancia do sector pesqueiro galego, a afección do proxecto aos caladoiros e áreas de pesca existentes e a imposibilidade de evitar a afección.

*A empresa recoñece o impacto paisaxístico e a imposibilidade de eliminalo.

“El emplazamiento se sitúa fuera de las principales áreas naturales protegidas presentes en la zona de estudio. El tendido de los cables submarinos y los de conexión marítimo-terrestre se realiza de forma que su afección en el medio natural sea la mínima posible”.

“La actividad pesquera en la costa gallega es uno de los factores más importantes a tener en cuenta, ya que de ella depende gran parte de la actividad económica de la comunidad autónoma. Por ello, se debe minimizar al máximo la afección sobre caladeros y áreas de pesca existentes en la zona, aunque no sea posible evitarlo en su totalidad”.

*As instalacións de acuicultura concéntranse na ría de Betanzos e na ría de Ares.

Toda a zona afectada, desde a costa ata unha liña situada unhas 14 millas mar dentro, está clasificada como zona potencial condicionada para a acuicultura.

*Energías renovables

No ámbito de estudo non existen áreas dedicadas á obtención de enerxía eólica nin undimotriz.

*Destácase a presenza das infraestruturas da Zona Experimental de Energías Mariñas Galega, situada ao norte de Punta Langosteira.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do parque eólico mariño flotante Nordés, cunha potencia total de 1,2 GW e as súas infraestruturas asociadas de evacuación a subestacións terrestres en Galicia (Nº de Expediente: 20210481), e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e socioeconómicos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social da eólica mariña nas costas galegas.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO MARIÑO FLOTANTE NORDÉS (Nº DE EXPEDIENTE: 20210481) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- A NECESARIA APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE

O principio de precaución sinala que en caso de presentarse unha falta de certeza científica absoluta fronte á exploración ou explotación eólica dunha zona determinada, a decisión debe inclinarse necesariamente cara á protección de medio ambiente, pois se se adianta a actividade eólica e logo demóstrase que ocasionaba un grave dano ambiental, sería imposible revertir as súas consecuencias.

As autoridades ambientais e os particulares darán aplicación ao principio de precaución conforme ao cal, cando exista perigo de dano grave e irreversible, a falta de certeza científica absoluta non deberá utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas eficaces para impedir a degradación do medio ambiente.

O principio de precaución aplícase cando o risco ou a magnitude do dano producido ou que pode sobrevenir non son coñecidos con anticipación, porque non hai maneira de establecer, a mediano ou longo prazo, os efectos dunha acción, o cal xeralmente ocorre porque non existe coñecemento científico certo acerca das precisas consecuencias dalgunha situación ou actividade, aínda que se saiba que os efectos son nocivos.

O principio de precaución eríxese como unha ferramenta xurídica de gran importancia, en tanto responde á incerteza técnica e científica que moitas veces se cerne sobre as cuestións ambientais, pola inconmensurabilidade dalgúns factores contaminantes, pola falta de sistemas adecuados de medición ou pola dilución do dano no tempo.

4.- Á vista do documento de inicio do proxecto denominado “parque eólico mariño flotante Nordés, cunha potencia total de 1,2 GW e as súas infraestruturas asociadas de evacuación a subestacións terrestres en Galicia (Nº de Expediente: 20210481) que tramita o órgano substantivo Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e promovido pola mercantil PARQUE EOLICO MARINO NORDES S.L., e ao abeiro do Real Decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, por medio do presente escrito solicítase o acceso á seguinte información ambiental:

4.1.- Solicitud de reserva de zona presentada pola empresa promotora con todo o contido que esixe o artigo 8 do Real Decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica no mar territorial, e o correspondente estudo de impacto ambiental do proxecto de investigación da área eólica mariña solicitada.

4.2.- Memoria que forma parte do anteprojecto da instalación de enerxía eólica mariña.

4.3.- Acceso á documentación do procedemento de caracterización de área eólica mariña.

4.4.- Acceso á documentación do procedemento de concorrencia.

4.5.- Acceso ao Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños, xa que logo, o seu contido non foi obxecto de publicación no BOE, aprobado pola Resolución do 30 de abril de 2009, da Subsecretaría, pola que se dispón a publicación da Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Enerxía e da Secretaría Xeral do Mar, pola que se aproba o estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños e acceso á documentación relativa á participación pública na elaboración deste Estudo estratéxico ambiental do litoral español ao abeiro da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

4.6.- Acceso á documentación relativa á planificación eólica mariña no litoral galego por parte da Administración Xeral do Estado e a súa integración co Plan Sectorial Eólico de Galicia.

4.7.- Acceso á documentación relativa á avaliación ambiental estratéxica da planificación eólica terrestre e mariña do Estado en Galicia, adaptada á normativa vixente e a súa integración co Plan Sectorial Eólico de Galicia.

4.8.- Acceso á documentación relativa á integración paisaxística da planificación eólica mariña do Estado en Galicia coa Lei da Paisaxe de Galicia, o Catálogo da Paisaxe e as Directrices da Paisaxe de Galicia.

5.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Administración do Estado, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo ao proxecto do PARQUE EOLICO MARINO NORDES. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos industriais que só benefician a empresas como é o presente caso.

Arteixo, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.- _____